



## ❑ **Título da unidade:**

### *TEMA 16: GUÍA PASO A PASO DA CREACIÓN DO MAPA E PROXECTO FINAL*

## ❑ **Descrición xustificación:**

Unha vez finalizado o estudo dos diferentes temas que por realizar o proxecto final para o que dedicaremos neste curso 10 horas de formación. O proxecto consistirá na elaboración do mapa do voso recinto escolar.

## ❑ **Obxectivos:**

Os obxectivos que se acadarán rematada a unidade son:

- Coñecer o procedemento para a elaboración do mapa do recinto escolar.
- Elaborar o mapa do recinto escolar.

## ❑ **Contidos:**

### Conceptuais:

- O mapa escolar.
- Especificacións normativas na elaboración do mapa do recinto escolar.

### Procedimentais:

- Creación dos documentos ou imaxes que serán utilizadas como plantillas de traballo.
- Creación das curvas de nive en formato vectorial.
- Creación do mapa do recinto escolar.

### Actitudinais:

- Colaboración cos compañeiros/as na resolución de dúbidas.
- Capacidade de esforzo, dedicación e superación.

## ❑ **Metodoloxía:**

A proposta de traballo utilizada no curso será a empregada nesta unidade. Unha vez revisada a guía didáctica da mesma, deberás empezar estudando a documentación que se te ofrece para coñecer os conceptos básicos e os procedementos de traballo. Cando consideres ter adquiridos os mesmos, realiza o proxecto final. Recorda colaborar cos teus compañeiros/as na resolución das dúbidas no foro.



## ❑ **Avaliación e mínimos:**

### Criterios de avaliación:

- Elaborar un mapa de orientación do recinto escolar seguindo os parámetros establecidos no curso.

### Ferramentas de avaliación:

- **Proxecto final de mapa escolar.** Consistirá na elaboración do mapa do recinto escolar con entrega do mesmo a través da plataforma para a súa revisión e avaliación.

### Mínimos:

Os seguintes parámetros serán valorados como APTO ou NON APTO:

- O mapa ten os datos de xeorreferenciación.
- O mapa ten a escala adecuada a extensión do centro.
- Os símbolos teñen o tamaño normativo.
- Existen plantillas de traballo.
- As curvas de nivel están presentes no mapa. (En centros sen desnivel non se avaliará esta cuestión).
- Están pintados os cerramentos do centro escolar, e os edificios.
- Están pintados os elementos liñais suficientes para poder realizar unha carreira.
- Están pintadas as áreas que definen pavimentación, bosque aberto, ....
- Están pintadas as liñas de meridiano do norte magnético.
- Existe unha lenda básica no mapa.

Como podedes observar serán observados 10 criterios dos cales para ter superado o proxecto o alumnado deberá ter APTOS como mínimo 5.